

CARBALLIÑO 2024

BASES PARA O CONCURSO FOTOGRAFICO XOVEN 2024.-

TEMA : LIBRE.

Organizado pola Asociación Fotográfica O Potiños en colaboración co Concello de O Carballiño e o Centro Comercial Aberto de O Carballiño, así como os centros educativos.

Poderán participar todos aqueles alumnos maiores de 14 anos, dos centros educativos do Carballiño que o desexen.

Deberan de enviar as súas fotos a páxina web potinos.com .

Máximo 3 fotos por persoa.

TEMAS

O tema das fotografías será LIBRE ,

Poderase facer uso do material técnico de calquer tipo, así como o retoque fotográfico .

ENTREGA DE FOTOS

As fotografías enviaranse via mail a páxina Web de O Potiños (potinos.com) con data tope o 10 de Agosto.

O nome do traballo ira en galego. Como identificación : título, nome, dirección, tfno e mail.

Coas 20 seleccionadas finais ,farase unha exposición no Arenteiro Fotográfico .

O veredicto do xurado terá lugar catro dias mais tarde é será inapelable. OS PREMIOS ENTREGANSE NA INAUGURACION DO ARENTEIRO FOTOGRAFICO 2024.

Os traballos gañadores serán seleccionados de maneira anónima, atendendo a o indicado no apartado "criterios de avaliación" nestas bases.

PREMIOS

Concederanse 5 premios non acumulables, doados polos establecementos adheridos o Centro Comercial Aberto. O xurado poderá establecer algún outro premio especial si así o estimase pertinente.

Seleccionaranse 20 fotografías coas que se fará unha exposición no Arenteiro Fotográfico.

Os premios entregaranse na inauguración do Arenteiro Fotográfico (15 de setembro de 2024)

XURADO .

Estará composto polos seguintes membros :

Presidente. O Concelleiro da Area de Cultura do Concello, ou persoa en quen delegue .Concelleira de Educación. Unha persoa en nome do Centro Comercial Aberto e como Vocais, un mínimo de tres persoas de recoñecido prestixio, relacionadas co mundo da fotografía, imaxe, artes .

Secretario...un membro da A.F. O Potiños con voz e sen voto .

DEREITOS DE PROPIEDAD.

Os participantes deben ser autores da cada unha das fotografías presentadas. Os gañadores e os mencionados cédennlle gratuitamente e de forma NON EXCLUSIVA a A.F. O Potiños os dereitos de difusión das imaxes premiadas. Se calquera das fotografías é utilizada cos obxectivos enunciados arriba, indicárase expresamente o nome do autor.

NORMAS DO CONCURSO.

A Organización non se fai responsable do deterioro ou extravío que puidesen sufrir os arquivos dixitais, así como calquera accidente persoal dos participantes .

Coa inscrición os competidores autorizan o envío de información por correo electrónico sobre esta competición e promoción de edicións posteriores.

O feito da presentación a esta edición do CONCURSO FOTOGRÁFICO XOVEN 2024, implica a total aceptación destas normas .